



LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a
González Pillado, Esther M^a
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA

González Crespán, Araceli
Allegue Agüete, Pilar

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 24 de xaneiro de dous mil sete ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda.

O mércores, día **24 de xaneiro de 2007**, ás 13:05 horas, na Sala de Xuntas da reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 27 de novembro de 2006.
2. Substitución dos membros do Claustro Universitario que perderon a súa condición.
3. Delegación na Secretaría Xeral das altas automáticas do Claustro Universitario.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 27 de novembro de 2006.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Substitución dos membros do Claustro Universitario que perderon a súa condición.

A Sra. Presidenta cede á Secretaria Xeral quen expón o seguinte: que de acordo co establecido nos artigos. 7.3 e 8 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario, a Mesa do Claustro comunicou á Comisión Electoral os membros que perden a súa condición para que se proceda á súa substitución.

Trátase de:

Polo sector PDI-B: Ana María Rodríguez Piñeiro, que causa baixa pola finalización do seu contrato.

Polo sector do estudantes:

- Mirian Martínez Firmés, da Facultade de Filoloxía e Tradución, que xa non está matriculada na Universidade.

Segundo o establecido no artigo 12.4 do Regulamento para a elección de membros do Claustro Universitario da nosa Universidade, as baixas serán cubertas polos seguintes candidatos máis votados da circunscrición e sector polo que foi elixido o claustral que causou baixa.

De acordo con este criterio, as baixas serán cubertas do seguinte xeito:

Polo sector PDI-B: Martín Pérez Rodríguez.

Polo sector Estudantes: Iván Sestay Martínez.

Apróbase por asentimento.

Punto 3.- Delegación na Secretaría Xeral das altas automáticas do Claustro Universitario.

Debido á incomodidade de convocar á Comisión Electoral cada vez que exista unha baixa dun membro do Claustro, na última sesión da mesma acordouse incorporar este punta á orde do día desta reunión co obxecto de aprobar unha delegación expresa na Secretaria Xeral como Secretaria da Comisión Electoral da substitución automática dos membros cesantes.

Por suposto, se informará por escrito ós membros da Comisión Electoral das baixas e altas que se produzan.

Apróbase por asentimento.

E non habendo rogos nin preguntas, remata a sesión ás 13:10 horas do día 24 de xaneiro de 2007 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e praxe da Presidenta da Comisión Electoral.

A Presidenta da Comisión Electoral

A Secretaria da Comisión Electoral

María Montero Muñoz

Esther M^a González Pillado